

Adaptación da
PROGRAMACIÓN
EDUCACIÓN FÍSICA
C.R.A Nosa Señora do Faro
3º trimestre

Curso 2019-2020

Antonio Lodeiro Pazos

CRA NOSA SEÑORA DO FARO

PONTECESO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN	3
3. ATENCIÓN A DIVERSIDADE	3
4. METODOLOXÍA.....	4
5. TEMPORALIZACIÓN.....	5
6. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	6
6.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES.....	6
6.2 PROMOCIÓN DO ALUMNADO	10
7. ACLARACIÓN SOBRE ESTA PROGRAMACIÓN.....	10

1. INTRODUCCIÓN

A través deste documento amosaranse as adaptacións realizadas no terceiro trimestre do curso 2019 / 2020 por mor da pandemia mundial provocada polo coronavirus (COVID-19).

Este virus, provocou un estado de alarma a nivel mundial ocasionando o peche dos colexios entre outros moitos organismos, empresas...

Con esta adaptación preténdese que o alumnado siga, dentro do posible, co seu proceso de ensino-aprendizaxe.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O peche dos colexios, provocou que o alumnado e profesorado cambiasen o contexto de proceso de ensino aprendizaxe; pasando dun contexto ordinario a un contexto moi específico, o domicilio particular.

Este cambio provocou unha grande adaptación por parte de toda a comunidade educativa, provocando en moitos dos casos, unha dificultade engadida ao proceso de ensino aprendizaxe.

3. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Como existen, dentro do alumnado características, intereses, motivacións e capacidades distintas; o que me obriga a asumir esta diversidade, afrontala e dar resposta para convertela nun elemento enriquecedor. Aproveitando a incalculable labor das familias, aspecto que facilita a posta en práctica das actividades.

As sesións serán sensibles ás dificultades intelectuais, físicas, sensoriais, etc., e dedicaranse máis as melloras das capacidades posibles de desenvolver fronte ás limitacións propias do alumno/a.

Grazas ao carácter flexible e integrador desta programación permitírame adecuar as tarefas aos diferentes niveis de desenvolvemento motriz.



4. METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregaremos nesta programación será flexible, activa, participativa, integradora e global e estará baseada no proceso por encima do resultado.

Respecto aos estilos de ensino que empregaremos na área de educación física ao longo do curso serán os seguintes:

- **ASIGNACIÓN DE TAREFAS:** o docente facilita as tarefas. Unha vez explicado o que hai que facer o alumno escolle o lugar de execución, o número de repeticións ou o tempo a dedicar. Este estilo adáptase moi ben aos diferentes niveis do alumnado.
- **DESCUBRIMENTO GUIADO:** neste caso propoñemos unha tarefa e o neno debe descubrir por si mesmo a solución.

Ademais de todos estes estilos de ensino deberemos ter presentes algúns principios básicos ao longo de todas as sesións:

- **REFORZO POSITIVO.** É importante que os alumnos e alumnas estean continuamente motivados. Esta motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza o cal permitirá acadar os obxectivos máis facilmente.
- **PROGRESIÓN.** Hai que seguir unha progresión de exercicios, é dicir, ir do doado ao difícil e do sinxelo ao complexo paulatinamente.
- **INTENSIDADE.** Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- **TRANSFERENCIA.** Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- **INTERESE.** Os exercicios formulados aos alumnos e alumnas deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- **INDIVIDUALIZACIÓN.** Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno e de cada nena.
- **PARTICIPACIÓN.** Non haberá aprendizaxe se o neno ou nena non participa activamente.

Grazas a este confinamento provocado polo Estado de Alarma decretado polo Goberno, o uso das **TIC's** vaise producir de forma cotiá; tendo que utilizar o alumnado smartphones, tablets,



ordenadores como as principais fontes de comunicación, información e consulta das diferentes actividades plantexadas ou como ferramenta para comunicarse co resto da comunidade educativa.

5. TEMPORALIZACIÓN

Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da **Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20**, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Antes de pasar a ver a relación das unidades didácticas que se levarán a cabo neste terceiro trimestre, amósase a nomenclatura dos **diferentes contidos** que se desenvolverán ao longo das devanditas unidades.

Nomenclatura:

H.c.: hixiene corporal	Esq.c.: esquema corporal
H.p.: hixiene postural	Rit.: ritmo
Seg.: seguridade	Exp.: expresión
P.esp.: percepción espacial	Or.: orientación
P.temp.: percepción temporal	Resp.: respiración
H.m.b.: habilidades motrices básicas	Cc.: contidos comúns
Coord.: coordinación	Sa: saúde
Relax.: relaxación	Xg: xogo
Eq.: equilibrio	
Lat.: lateralidade	

UNIDADES DIDÁCTICAS 3º TRIMESTRE

3 ^{ER} TRIMESTRE	9	O MEU CORPO EXPRÉSASE		MARZO/ABRIL	P.temp/Pesp/resp/relax/Rit/Exp/ Coord/Sa/Cc
	10	XOGAMOS CON MATERIAIS DE REFUGALLO		ABRIL/ MAIO	Xg/Lat/Coord/resp/relax/Hmb/Eq/Seg
	11	XOGOS DO PASADO		MAIO	Xg/Lat/Coord/resp/relax/Hmb (lanz,recep,saltos...)/Seg
	12	ACTIVIDADES NA NATUREZA		MAIO	Xg/Hmb/resp/relax/P.esp/Sa/Cc
	13	QUÉ APRENDIMOS?		XUÑO	Xg/Or/Coord/Re/Hmb/Cc

Comentado [T1]: Desde o 13 de marzo, fixéronse modificacións na programación para que o alumnado puidese continuar facendo actividade física sen estar condicionados aos contidos programados desde o principio do curso 2019/2020.

Comentado [T2]: Esta unidade didáctica vaise adaptar as saídas que fan os nenos e nenas cos seus familiares nas horas indicadas polo Goberno.



6. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Seguirase as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES

Os obxectivos, expresados en termos de capacidades e os contidos constitúen un claro referente para a consecución da finalidade da avaliación, contribuír á mellora do procesos de ensino-aprendizaxe. Os obxectivos e contidos son completados cuns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe. Todos estes elementos da programación están dirixidos cara a consecución das distintas competencias.

Partindo dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos no Currículo Oficial, seleccionáronse os seguintes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para esta programación. Na columna seguinte aos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, aparecen os mínimos esixibles de avaliación para obter unha avaliación positiva mínima de suficiente/aprobado.

EDUCACIÓN FÍSICA. PRIMEIRO NIVEL DE PRIMARIA		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO ESIXIBLE
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos demais.	EFB1 1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1 1.2 Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.	NON NON
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información	NON / EFB1.2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas. EFB1.3.2. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. EFB1.3.4. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas EFB1.3.2. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases con orden. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. NON EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
B2.4. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais.	EFB2.4.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	EFB2.4.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
B2.5. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.5.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. EFB2.5.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	EFB2.5.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. EFB2.5.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.



<p>B3.6. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.</p> <p>B4.7. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</p> <p>B5.8. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</p> <p>B5.9. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.</p> <p>B6.10. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.</p> <p>B6.11. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.</p>	<p>EFB2.5.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.</p> <p>EFB3.6.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.</p> <p>EFB3.6.2. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</p> <p>EFB3.6.3. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.</p> <p>EFB3.6.4. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. Realiza lanzamentos, recepcións e golpeos, coa dereita, esquerda e coas dúas mans na maioría das ocasións, de móbiles (valorando o nivel de execución). Bota e encadea varios botes seguidos cunha u outra man.</p> <p>EFB4.7.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.</p> <p>EFB4.7.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.</p> <p>EFB4.7.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.</p> <p>EFB5.8.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.</p> <p>EFB5.8.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.</p> <p>EFB5.8.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.</p> <p>EFB5.9.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.</p> <p>EFB6.10.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.</p> <p>EFB6.10.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.</p> <p>EFB6.11.1. Practica xogos libres e xogos organizados.</p> <p>EFB6.11.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia.</p>	<p>EFB2.5.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.</p> <p>EFB3.6.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.</p> <p>NON</p> <p>EFB3.6.3. Salta de distintas formas.</p> <p>EFB3.6.4. Realiza lanzamentos e recepcións.</p> <p>EFB4.7.1. Representa utilizando o corpo animais, obxectos, personaxes ou situacións próximas a eles.</p> <p>NON</p> <p>EFB4.7.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.</p> <p>EFB5.8.1. Trae ás clases a roupa e calzado axeitados para a práctica de actividade física e realiza o básico do aseo (lava as mans e a cara) ao final das sesións, para o que deben traer xabón ou xel e toalla nunha bolsa..</p> <p>FB5.9.1. Ten en conta as medidas de seguridade que se lle indican ao realizar as actividades físicas.</p> <p>NON</p> <p>EFB6.10.2. Utiliza as regras dos xogos.</p> <p>EFB6.11.1 Participa de forma activa en xogos e todas as actividades físicas con atención e interese.</p> <p>NON</p>
---	--	---



<p>B6.12. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.</p>	<p>EFB6.11.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</p>	<p>EFB6.11.3. Practica os xogos populares tradicionais galegos traballados nas clases.</p>
	<p>EFB6.12.1. Realiza actividades no medio natural.</p> <p>EFB6.12.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</p>	<p>EFB6.12.1. Participa de forma activa en todas as actividades físicas con atención e interese.</p> <p>EFB6.12.2. Coida e respecta o medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</p>

EDUCACIÓN FÍSICA. SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO ESIXIBLE
<p>B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</p>	<p>EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</p> <p>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.</p> <p>EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</p> <p>EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.</p>	<p>NON</p> <p>NON</p> <p>EFB1.1.3 Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</p> <p>NON</p>
<p>B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<p>EFB1.2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.</p> <p>EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.</p> <p>EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</p>	<p>NON/ EFB 1.2.1 Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.</p> <p>NON</p> <p>NON</p>
<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p> <p>EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</p> <p>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p> <p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p> <p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>EFB1.3.1 Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p> <p>EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</p> <p>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p> <p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p> <p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>



<p>B2.4. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</p>	<p>EFB2.4.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>EFB2.4.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>
<p>B2.5. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</p>	<p>EFB2.5.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. EFB2.5.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. EFB2.5.3. Iníciase no equilibrio dinámico. EFB2.5.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.</p>	<p>EFB2.5.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. EFB2.5.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. EFB2.5.3. Iníciase no equilibrio dinámico. EFB2.5.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles,</p>
<p>B3.6. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.6.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.6.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.6.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando xestos axeitados. EFB3.6.4. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orient. espacial. Realiza lanzamentos, recepcións e golpeos, coa dereita, esquerda e coas dúas mans na maioría das ocasións, de móbiles (valorando o nivel de execución). Bota e encadea varios botes. EFB3.6.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</p>	<p>EFB3.6.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.6.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.6.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando xestos axeitados. EFB3.6.4. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio. Realiza lanzamentos, recepcións e golpeos, coa dereita, esquerda e coas dúas mans na maioría das ocasións, de móbiles (valorando o nivel de execución). Bota e encadea varios botes. EFB3.6.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.</p>
<p>B4.7. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</p>	<p>EFB4.7.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. EFB4.7.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. EFB4.7.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.</p>	<p>EFB4.7.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. EFB4.7.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. NON</p>
<p>B5.8. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</p>	<p>EFB5.8.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. EFB5.8.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. EFB5.8.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.</p>	<p>EFB5.8.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. NON NON</p>
<p>B5.9. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.</p>	<p>EFB5.9.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.</p>	<p>EFB5.9.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.</p>
<p>B6.10. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en</p>	<p>EFB6.10.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.</p>	<p>NON</p>



<p>situación de cooperación e de oposición.</p> <p>B6.11. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.</p> <p>B6.12. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.</p>	<p>EFB6.10.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.</p> <p>EFB6.11.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas diferenzas.</p> <p>EFB6.11.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.</p> <p>EFB6.11.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</p> <p>EFB6.12.1. Realiza actividades no medio natural.</p> <p>EFB6.12.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</p>	<p>EFB6.10.2. Utiliza as regras dos xogos.</p> <p>EFB6.11.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas diferenzas.</p> <p>NON</p> <p>EFB6.11.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia.</p> <p>EFB6.12.1. Realiza actividades no medio natural.</p> <p>EFB6.12.2. Coida e respecta o medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</p>
--	--	---

NOTA: os items en vermello, son aqueles que non se terán en conta a hora de avaliar ao alumnado. Debido a que son uns items moi concretos que se centran nas relacións sociais e en actividades na natureza; entre outras, que non se poden levar a cabo.

6.2 PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Seguirase as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. ACLARACIÓN SOBRE ESTA PROGRAMACIÓN

Debido a mestura de niveis nas diferentes escolas que compoñen o C.R.A. Nosa Señora do Faro optei por deseñar ou proporcionar xogos e tarefas que as poidese levar a cabo todo o alumnado da escola. Aspecto que levei a cabo ao longo de todo o curso.